



Unha conversa coa poesía de Tito Suárez Pérez¹

Ramón Cao Martínez

A lectura non é senón unha moi peculiar forma de conversa. Como non lembrar o espléndido soneto en que Quevedo evoca o seu achegamento aos clásicos como un coloquio –unha escoita e unha charla– cos prestixiosos autores da antigüidade: «*Vivo en conversación con los difuntos, / escucho con los ojos a los muertos*». Presentar a obra que hoxe nos ocupa é un modo de prolongar a gratísima conversa con Tito Suárez –autor felizmente vivo– que foi a miña lectura do seu libro, e de incluír nese diálogo novos interlocutores. Quixese, pois, continuar esa pracenteira charla sabendo que vai quedar inacabada, con cabos soltos, e que dunha forma ou outra haberá de renovarse e proseguir.

Moitas son as agradables sorpresas que agardan a quen penetre nas páxinas deste libro tan pulcramente editado. Reúnense nel os catro poemarios que, ata o día de hoxe, compoñen a obra poética –tan intensa como breve– de Tito Suárez Pérez, precedidos por un luminoso limiar do profesor Pedro Castelao. Aquí están, en orde inversa ao da súa elaboración ao longo de máis de dúas décadas, *El espejo* (2015-2017), *El tiempo y la carne* (2009), *El paraguas de plata* (2007) e *Prosas* (1993).

Abrimos o volume e atopámonos cunha sucesión de fragmentos que de cando en vez atinxen as doce liñas e nalgunhas ocasións non exceden o par. Segundo salta á vista, o noso autor aproxímase

¹ Versión escrita da presentación, o 27 de outubro na aula Edith Stein de Ourense, de *El tiempo y la carne. Poesía reunida* de Tito Suárez Pérez (Gravitaciones, Xixón, 2021).